



Bases que rexerán a provisión en calidade de bolseiro, de prazas nas especialidades de flauta, oboe, clarinete, fagot, saxofón e trompeta na Banda Ferrolá de Música

1-Obecto das bases:

A cobertura **de prazas nas especialidades de flauta, oboe, clarinete, fagot, saxofón e trompeta** , en calidade de bolseiro.

A adscrición a unha categoría concreta (alto, tenor ou barítono) realizarase con posterioridade á proba práctica e previa proposta polo director da Banda, en virtude do nivel do seleccionado.

De conformidade coas retribucións e dependendo da categoría concreta de adscrición, estas oscilarán entre 191,00 € , 222,50 € e 254,00 € mensuais (tutti, primera e solista).

2.-Presentación de instancias

O prazo de presentación de instancias será do 12 ao 22 de marzo de 2014 no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol. De luns a venres en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 9 a 13 horas.

Os aspirantes deberán presentar instancia de participación dirixida ao Concello de Ferrol. Negociado de Cultura.

A relación dos aspirantes admitidos publicaranse, cunha antelación mínima **dun día** á realización da proba de selección, na páxina web e no Taboleiro de anuncios deste Concello.

3.-Probas de selección

As probas de selección terán lugar no Teatro Jofre o próximo 24 de setembro ás 16:00 horas.

A orde de chamada dos aspirantes realizarase en función da orde de presentación da instancia no rexistro xeral de entrada do Concello de Ferrol, quedando a decisión do tribunal a orden de intervención das especialidades.

As probas de selección terán unha duración aproximada de 30 minutos e consistirán en:

1ª proba: interpretación dunha obra de libre elección polo aspirante.

2ª proba: interpretación co instrumento da especialidade á que se opta de dous “sos” para banda ou orquestra elixidos polo tribunal.

3ª proba: interpretación dun fragmento a vista. O aspirante disporá dun máximo de 5 minutos para a preparación desta interpretación.

4.- Tribunal

O tribunal estará composto por 3 membros, actuando todos con voz e con voto:

Presidente: Manuel-Reyes García Hurtado (concelleiro de cultura do Concello de Ferrol)

Vogal: Mariola Gil Lago (Conservatorio Superior da Coruña)

Secretario: Narciso Pillo Guerreiro (director da Banda Ferrolá de Música)

5.- Publicidade

A convocatoria da provisión das prazas ás que se refiren estas bases será publicada nos diarios de maior tirada da cidade.

As bases serán publicadas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 09 de setembro de 2014

O concelleiro delegado de Cultura e Universidade,

Manuel-Reyes García Hurtado

